

GUÍA DIDÁCTICA

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN.....3

2. OBXECTIVOS.....3

3. ASPECTOS CURRICULARES.....4

3.1 ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS.....4

3.2 ÁREA DE ARTES PLÁSTICAS. EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL.....5

4. METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS.....6

5. ACTIVIDADES.....11

6. AVALIACIÓN.....17

GUÍA DIDÁCTICA

1. Introdución

Unha das dificultades mais habituais do alumnado na lingua escrita é a representación gráfica das palabras. Os métodos tradicionais empregados na aula como son os ditados, as repeticións de palabras, a memorización de regras ortográficas, etc. poden reforzar a consolidación da escrita pero non son útiles para moitos alumnos.
Os estudos recentes de neurolingüística sinalan que a adquisición dunha boa ortografía require do emprego de estratexias visuais máis que sonoras, xa que a maioria das linguas non teñen unha representación gráfica totalmente fonética. O alumnado con problemas ortográficos precisa de métodos e materiais que lle permitan adquirir outros recursos de aprendizaxe nos que predomine a representación visual como estratexia mental. O proceso de aprendizaxe pode resumirse na fórmula de Daniel Gabarró Berbegal:

Audición correcta +Recordo visual +Sensación de Escritura correcta= Escritura correcta

ARTEGRAFÍA consta dun dicionario ortográfico visual en formato electrónico das palabras que presentan máis problemas na lingua galega e un curso interactivo de ortografía centrado na aprendizaxe deses vocábulos.
Unha idea clave é que o alumnado adquira as estratexias necesarias para que poida crear e engadir novas palabras ó seu dicionario, para que este sexa o máis personalizado posible e ampliable para a continuación da aprendizaxe.

2. OBXECTIVOS

- Fortalecer a memoria visual do alumnado.
- Explicitar a necesidade de estratexias visuais para mellorar a ortografía.
- Vincular a memoria visual coa ortografía.
- Dominar o vocabulario básico empregando estratexias visuais.
- Dominar as regras básicas de ortografía e poder xeneralizar e abstraer a partir de casos concretos.
- Reforzar a ortografía das palabras nas que interfire a escrita do castelán.

•Autoavaliar os coñecementos adquiridos.

•Aprender a recoñecer os problemas ortográficos propios e buscar estratexias para solucionalos.

•Proporcionar un método que poida aplicarse como estratexia de aprendizaxe ó longo da vida.

•Valorar a corrección ortográfica nos escritos propios.

•Integrar coñecementos de diversas áreas académicas.

•Coñecer os aspectos básicos da teoría da cor.

•Estimular a creación pictórica e o emprego da cor e da xeometría.

•Aprender a disfrutar da arte e das súas aplicacións na aprendizaxe.

•Empregar as novas tecnoloxías no ensino e aprendizaxe.

3. ASPECTOS CURRICULARES

3.1 ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS

ARTEGRAFÍA introduce as faltas de ortografía máis recurrentes no idioma galego, especialmente nos erros producidos polas interferencias co castelán:

-Vocabulario relacionado co corpo humano e coa cidade.

-Palabras habituais con b/v.

-Interferencias co castelán de palabras con b/v. Ex: móbil, avogado.

-Palabras habituais con h.

-Palabras habituais sen h.

-Interferencias co castelán de palabras con h/ Ø. Ex: harmonía, ombro.

-Palabras homófonas con h/ Ø. Ex: habano/abano.

-Palabras habituais con s/x

-Interferencias co castelán de palabras con s/X. Ex: estender, estranxeiro.

-Palabras habituais con s/i. Ex: xeso, xacer.

-Palabras habituiais con grupos consonánticos bl/br, pl/pr, cl/cr, gl/gr. Ex.: brando, fraco, praza.

-Interferencias co castelán de palabras con c/qu, d/t-r. Ex.: quilómetro, cirúrxico, lámpada.

-Palabras habituais l/ Ø, n/ Ø, l/n. Ex: ceo, xeo, area, laranxa.

-Interferencias co castelán de palabras con c/cu, g/gu: Ex.: calidade, cualificación,

gardería.
-Palabras habituais cos grupos ct, bc, cc...: obxecto, adxectivo.
-Palabras habituais con redución do grupo consonántico ct: condutor, estrutura.
-Regras xerais de acentuación:
-Palabras con acento gráfico na sílaba aguda.
-Palabras con acento gráfico na sílaba grave.
-Palabras con acento gráfico na sílaba esdrúxula e sobresdrúxula.
-Acentuación de ditongos e hiatos.
-Palabras con acento diacrítico.
-Interferencias de acentuación co castelán: heroe, elite.

Ademais da ortografía con ARTEGRAFÍA tamén se poden traballar diferentes estratexias de definición de palabras, aínda que estas non están tratadas con criterios estrictamente lexicográficos nas actividades.
A inclusión de textos de literatura galega e de diversos ensaios permite empregar ARTEGRAFÍA para a práctica e mellora de estratexias de lectura e de comprensión escrita. A selección fíxose prestando especial atención a poesía e a literatura escrita por mulleres cunha intención de visibilizar un universo que habitualmente queda escurecido nos libros de texto. Para os fragmentos das obras tívose en conta a súa adecuación o problema ortográfico concreto.

3.2 ÁREA DE ARTES PLÁSTICAS. EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

ARTEGRAFÍA incide na importancia da percepción visual que cómpre desenvolver no alumnado para que as actividades relacionadas coa boa ortografía sexan significativas e den bo resultado. A través da cor, da forma e da pintura pódese potenciar e focalizar a atención da memoria visual para que a estratexia empregada se poida aplicar tamén a aprendizaxe ortográfica e do aspecto da lingua escrita en xeral.
Os contidos de Educación Plástica e Visual adáptanse á Programación Didáctica de 1ºda ESO, ainda que poden servir tamén como unha introdución ou repaso de conceptos básicos da teoría da cor e das formas. A continuación sinalamos os máis destacados:

-A luz e a cor
-Cor pigmento, cores primarias e secundarias
-O círculo cromático

-A cor para representar imaxes. A expresividade da cor. A psicoloxía e a simboloxía

da cor.

-Lectura de imaxes.

-O uso da cor e das formas xeométricas no contorno e na arte.

-Creación e análise de imaxes propias.

-A abstracción xeométrica.

4. METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

ARTEGRAFÍA está elaborado para que o alumnado sexa o máis autónomo posible. Empregando a memoria visual como estratexia fundamental na aprendizaxe da ortografía pódese fortalecer aquela e convertila nunha ferramenta motivadora e creativa para a adquisición de novas palabras .

O dicionario e o curso de ortografía visual traballan coas palabras máis usadas na vida real e académica, sendo o ideal que o alumnado incremente individualmente o seu número con aquelas que máis conflito lle produzan.

No menú principal de navegación pódese acceder ó dicionario visual, ó curso de ortografía e a unha sección para practicar a memoria visual.

Premendo na icona de dicionario o alumnado accede a un

vocabulario organizado por temas (a cidade, o corpo humano, etc,) e a un ménu-lista cunha zona de ideogramas para aquelas palabras susceptibles de representación gráfica. Creáronse varias imaxes que axudasen a fixar a ortografía:

Para as palabras máis dificilmente representables creouse un alfabeto completo inspirado nas obras pictóricas de Wassily Kandinsky e da abstracción xeométrica. Este empregouse na maior parte do dicionario visual, organizándose segundo os principais problemas que adoita representar a ortografía da lingua galega.

Algúns exemplos:



O alfabeto pode imprimirse para que o alumnado poida empregar estas grafías para reforzar a imaxe visual do vocabulario que precise.

O curso de ortografía ten unha estrutura semellante á do dicionario cunha área temática e unha organizada por problemas.

O curso pode empregarse en varios niveis de ensino xa que hai variedade de exercicios segundo a súa dificultade. Así, atopamos actividades moi sinxelas de observación ou de

resolución:

E outras de maior nivel de complexidade e de abstracción:



Eliminároнse as actividades de tradución e, na medida do posible, as de correccións de erros para reducir a exposición do alumnado a palabras con ortografía incorrecta e non favorecer a súa fixación visual.



Na área de memoria visual pódese exercitar a memoria visual, así como repasar algúns conceptos sobre a cor.



5. ACTIVIDADES

As actividades do curso de ortografía están clasificadas por problemas ortográficos: As vogais, O acento, B ou V?, R ou L?, X ou S?, etc. Tamén se inclúen actividades de vocabulario relacionado co corpo humano e a cidade. Cada sección inclúe un paquete de actividades para adquirir unha imaxe visual das palabras máis importantes e practicar a súa ortografía.

As actividades son interactivas e variadas dentro de cada problema ortográfico. A maioría constan de :

- Exercicios de observación.
- Exercicios de clasificación.
- Exercicios de completar letras ou sílabas.
- Exercicios de escritura de grafías.
- Exercicios de escritura de palabras a partir dunha definición.
- Encrucillados.
- Sopas de letras.
- Copia ou ditado de textos con autoavaliación.
- Textos para completar.
- Lecturas de textos con preguntas sobre cuestión ortográficas.

Ditados para realizar coa axuda do docente ou doutro alumno/a.

Algúns exemplos da variedade de actividades:

Explora a cidade

limoeiro campo cabana

Observación e exploración

prisioneiro abotoar

Fíxate nesta palabras e intenta memorizalas.

1

Clasificación.

Clasifica estas palabras homófonas.

12



Completar letras ou sílabas



Selección de palabras



Escritura de palabras

Busca as palabras

E	S	Í	O	S	Í	X	E	N	O	Í	B	I	A	K
S	S	Z	A	R	Ó	Ó	E	S	T	E	N	D	E	R
I	V	L	Z	E	E	É	Q	K	I	Ó	Q	H	Ó	H
X	O	F	U	I	Á	S	E	N	T	I	N	E	L	A
I	V	I	O	M	E	L	Ó	E	S	T	R	A	Ñ	O
R	C	A	T	E	S	P	L	E	N	D	O	R	P	É
V	D	Ó	O	P	T	M	E	S	Q	U	I	Ñ	O	É
H	O	K	R	O	R	P	Á	A	Q	R	T	M	H	T
X	Í	Q	R	L	A	B	L	X	A	L	Í	E	Í	Ú
R	Q	Á	E	I	N	Z	X	E	X	A	E	S	X	A
S	Q	Ó	S	S	X	O	X	R	F	P	S	Q	U	E
O	T	E	M	Ó	E	R	U	A	Ñ	I	C	U	V	N
Z	G	Q	O	N	I	V	O	R	U	S	U	I	C	Ú
B	I	E	S	T	R	E	M	E	Ñ	A	S	T	H	G
F	N	A	U	S	A	H	I	U	I	G	A	A	Q	R

PALABRAS:

- ESTENDER
- ESCUSA
- ESPLENDOR
- ESTRANXEIRA
- ESTRAÑO
- ESTREMEÑA
- ESIXIR
- ESAXERAR
- LAPIS
- MESQUIÑO
- MESQUITA
- POLISÓN
- SENTINELA
- OSÍXENO
- TORRESMO

Sopas de letras

L, LL ou l?

1 2 3 4 5
6 7 8 9

Resolve o encrucillado

		D	E	S	M	A	I	O				
			S	A	I	A						
			C									
			A	P	O	I	O					
M	A	I	O									
		I	O	G	U	R						
		C	L	A	R	A	B	O	I	A		
			A	R	R	O	I	A	R			

ab

?

Encrucillados

Completa o poema.

Xiana ten na man un pintalabios
mírase no espello
sorrí para que a Xiana do espello lle devolva o
.....
ensínalle a outra Xiana o ..... vermello
vermello coma un golpe na fronte
vermello coma un sol que vai .....
..... coma a ..... cando te queimas
co
leite fervendo
Xiana pinta raias vermellas na cara

?

Completar textos

anos que xa non asisto á misa. Antes tiña que ir porque meus pais me obrigaban. E como tódolos rapaces se confirman, eu tamén me confirmei. Fíxeno por meus pais, non porque eu quería, eu non tiña ganas. Non encontro nada nestas cerimonias.

Escribe o texto. Úrsula Heinze, Xente coma min. Ed. Sotelo Branco, 1995.

17

Ditados
con autoavaliación

Ditados e lecturas

Como xa diciamos anteriormente os exercicios están dispostos en orde de dificultade e de abstracción. As prácticas de observación e de creación de imaxes visuais da palabra introducen outras actividades máis complexas ou con menos reforzo visual.

6.AVALIACIÓN

A zona de actividades de ARTEGRAFÍA é totalmente autoavaliable de forma inmediata. Cada exercicio consta de verificación propia ofrecendo mensaxes de retroalimentación do tipo “moi ben!” ou “inténtao de novo!”, “correcto!” ou “hai algún erro!”. O alumnado pode comprobar a solución facendo clic nas iconas:

Entre os criterios de avaliación destácanse os seguintes:

- Utilizar e fortalecer a memoria visual.
- Dominar o vocabulario básico empregando estratexias visuais.
- Dominar as regras básicas de ortografía e poder xeneralizar e abstraer a partir de casos concretos.
- Mellorar a ortografía das palabras nas que interfire a escrita do castelán.
- Autoavaliar os coñecementos adquiridos.
- Aprender a recoñecer os problemas ortográficos propios e buscar estratexias para solucionalos.
- Valorar a corrección ortográfica nos escritos propios.
- Coñecer os aspectos básicos da teoría da cor.
- Apreciar a creación pictórica e o emprego da cor e da xeometría.
- Aprender a disfrutar da arte e das súas aplicacións na aprendizaxe.
- Empregar as novas tecnoloxías no ensino e na aprendizaxe.
- Valorar a lectura como fonte de coñecemento.